

NORMATIVA REGULADORA DA MATRÍCULA E A DEFENSA DO TRABALLO FIN DE GRAO (TFG) E DO TRABALLO FIN DE MESTRADO UNIVERSITARIO (TFM)

*Aprobada polo Consello de Goberno de 19 de decembro de 2013
Modificada polo Consello de Goberno de 30 de abril e 24 de xullo de 2014
Modificada polo Consello de Goberno do 29 de xaneiro de 2015
Modificada polo Consello de Goberno do 28 de xuño de 2016
Modificada polo Consello de Goberno do 29 de xuño de 2017*

(Texto consolidado)

O Consello de Goberno é competente para aprobar o calendario académico no que se establecen os períodos lectivos, as datas das convocatorias de avaliación de materias do primeiro e do segundo cuadrimestre, as da segunda oportunidade e as correspondentes ao adiamento destas convocatorias, así como as datas de sinatura e entrega de actas.

Este calendario non fixa datas concretas para a defensa dos TFG e TFM, xa que logo tampouco fixa unha convocatoria adiantada para esta, sendo cada Facultade ou Escola autónoma para poder establecer as convocatorias nas datas que estime oportunas, respectando o disposto no artigo 3º desta Normativa.

Por outra banda o cambio de denominación dos diferentes órganos unipersoais da Universidade fai aconsellable que no apartado 3 da disposición final desta Normativa non se especifique unha denominación concreta dunha vicerreitoría que interprete e desenvolva a citada normativa, senón unha referencia ao órgano que ostente as competencias en materia de xestión académica.

Con base nestas consideracións, modifícase o artigo 3.2 e a Disposición final da Normativa reguladora da matrícula e a defensa do traballo fin de grao (TFG) e do traballo fin de Mestrado Universitario (TFM), aprobada polo Consello de Goberno do 19/12/2013, que queda como segue:

Artigo 1º.- Matrícula do TFG e do TFM

1.1. A matrícula do TFG e do TFM realizarase dentro do prazo xeral para matrícula ordinaria que estableza a Universidade, efectuando o abono dos prezos públicos que correspondan, conforme aos créditos que teñan asignados.

No caso de ter pendente de superar outras materias para rematar os estudos de Grao ou Mestrado, a matrícula realizarase de forma conxunta no prazo indicado.

1.2. Para formalizar a matrícula do TFG, o alumnado poderá ter pendentes como máximo 78 créditos para completar os estudos, incluídos os correspondentes ao TFG, e deberá matricularse tamén de todas as materias necesarias para rematar o plan de estudos do Grao.

Aqueles alumnos que estean en posesión dun título universitario oficial correspondente á ordenación académica anterior e accedan ao Grao equivalente ou que proveña da súa titulación, poderán realizar a matrícula do TFG sempre que se matriculen de todos os créditos que lles restan para finalizar os seus estudos, ate o máximo sinalado no parágrafo anterior, con independencia do curso das materias matriculadas.

Poderán realizar a mesma matrícula aqueles alumnos que iniciaron os estudos universitarios oficiais conforme a anterior ordenación académica e se incorporan ao Grao, así como os alumnos procedentes doutra universidade e/ou titulación.

1.3. Para poder formalizar a matrícula do TFM será requisito imprescindible matricularse tamén de todas as materias necesarias para rematar o plan de estudos do mestrado.

1.4. Os estudantes que participen en programas de mobilidade ou dobres titulacións poderán matricularse do TFG ou do TFM mentres realizan o programa de mobilidade. O seu réxime será establecido regulamentariamente.

1.5. A matrícula dará dereito á defensa do TFG ou do TFM en dúas oportunidades no curso no que estea matriculado o alumno, e sempre que cumpra os requisitos para a súa avaliación.

1.6. No caso de que o/a estudante non obteña avaliación positiva, non concorra a ningunha das oportunidades da convocatoria ou non reúna os requisitos para presentar o traballo, por ter materias pendentes, deberá formalizar unha nova matrícula noutro curso académico e aboar os prezos públicos correspondentes aos créditos do TFG ou do TFM para poder dispor dunha nova convocatoria.

Unha vez formalizada a matrícula do TFG ou do TFM non procederá a devolución dos prezos aboados por ningunha das causas sinaladas anteriormente.

Artigo 2º.- Realización do TFG e do TFM

2.1. O TFG supón a realización, por parte de cada estudante e de forma individual ou en grupo, dun proxecto, unha memoria ou un estudo concreto baixo a supervisión dun ou máis directores.

Para o desenvolvemento en grupo do Traballo será preciso que o Centro teña prevista esta modalidade no seu regulamento, fundamentalmente como proxecto coordinado, e que exista unha clara delimitación de tarefas entre os membros do grupo, de xeito que sexa perfectamente avaliable a participación de cada estudante no resultado global. A cualificación e o título do traballo será sempre individual para cada estudante.

Neste traballo deben integrarse e desenvolverse os contidos formativos recibidos, así como as capacidades, competencias e habilidades adquiridas durante o período de docencia do grao.

2.2. O TFM supón a realización, por parte de cada estudante, de forma individual, dun proxecto, memoria ou estudo concreto, baixo a supervisión dun ou máis directores.

Artigo 3º.- Defensa do TFG e do TFM

3.1. O TFG e o TFM só poderán ser defendidos e avaliados unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de Grao ou Mestrado, agás os correspondentes aos propios TFG ou TFM.

No caso dos programas de mobilidade ou de dobre titulación estarase ao previsto regulamentariamente.

Nos programas de simultaneidade de estudos aprobados polo Consello de Goberno, os TFG só poderán ser defendidos e avaliados unha vez que se teña constancia de que o estudante superou todos os créditos establecidos no programa como necesarios para a obtención dos títulos de Grao, agás os correspondentes aos propios TFG, e se teña efectuada de forma previa a separación dos expedientes académicos que correspondan a cada titulación, de acordo co establecido na normativa específica de cada programa de simultaneidade.

3.2. Para a súa defensa e avaliación, o estudante disporá dunha convocatoria con dúas oportunidades en cada curso académico.

Nas titulacións de Grao e nas de Mestrados Universitarios de 60 e de 120 créditos ECTS, a primeira oportunidade de defensa e avaliación dos TFG e dos TFM realizarase nos meses de maio/xuño/xullo. A segunda oportunidade de defensa e avaliación dos TFG e dos TFM realizarase nos meses de xullo/setembro.

3.3. Nos programas de simultaneidade de estudos de Grao aprobados polo Consello de Goberno (cuxa estrutura así o requira) e nos Mestrados Universitarios de 90 créditos ECTS, a primeira oportunidade de defensa e avaliación dos TFG e dos TFM realizarase nos meses de xaneiro/febreiro. A segunda oportunidade naquelas datas que estableza cada Facultade/Escola, no segundo cuadrimestre.

En todos os casos, as Facultades/Escolas, respectarán as datas límite que, para a sinatura e entrega de actas, consten no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno.

3.4. De forma excepcional e sempre que o estudante non teña pendente máis que a superación do TFG ou do TFM para rematar os seus estudos de Grao ou de Mestrado Universitario, poderá defendelo naquelas datas que estableza cada Facultade/Escola, desde o inicio do curso académico ate a data límite de sinatura e entrega de actas de segunda oportunidade que conste no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno; pero respectando sempre o número máximo de dúas oportunidades do que poderá facer uso en cada curso académico.

3.5. O estudante defenderá os seus TFG e TFM pública e presencialmente.

Só naquelas titulacións de Grao en non sexa viable este sistema, polo elevado número de estudantes matriculados, a defensa do TFG poderá realizarse por outros mecanismos alternativos, entre os que poden figurar o formato congreso, a exposición de pósters etc. Os regulamentos de defensa dos TFG dos centros, regularán as modalidades de presentación e de defensa dos TFG que poidan ser utilizadas.

A guía docente correspondente ao TFG establecerá os procedementos de defensa destes, así como os criterios de avaliación en cada modalidade que se permita, de acordo co disposto no plan de estudos de cada título e co acordado pola Comisión Académica do centro.

O/a estudante pode solicitar defender o TFG de forma non-presencial.

A súa solicitude, suficientemente motivada e acreditada nos extremos que correspondan, deberá dirixila ao Presidente da Comisión de Planes de Estudo, delegada do Consello de Goberno, para que sexa resolta por este órgano que comprobará que se dan as condicións legais, técnicas, administrativas e económicas necesarias.

Artigo 4º.- Avaliación dos TFG e TFM

4.1. A avaliación dos TFG e TFM realizarase por tribunais nomeados e constituídos ao efecto.

Os tribunais de avaliación configuraranse da forma que establecer a Xunta de centro ou, no seu caso, a comisión que tiver as competencias delegadas, segundo o número de alumnos matriculados e a temática dos diferentes TFG e TFM que se presentaren.

4.2. Cada tribunal estará formado como mínimo por tres persoas e os correspondentes suplentes. Todas elas deberán ser membros do profesorado do centro que imparte o título de grao ou Mestrado. O/a director/a do TFG e do TFM non poderá formar parte do tribunal.

4.3. Cada tribunal contará cunha persoa que o presida e outra que exerza como secretaria, designadas ambas de acordo cos criterios que estableza cada Xunta de centro. O resto dos membros terán a consideración de vogais.

4.4. Excepcionalmente, para a avaliación dos TFG, a Vicerreitoría competente en materia de xestión académica poderá autorizar, previa solicitude do centro, debidamente xustificada, que a avaliación non se realice por un tribunal. Neste caso, o centro determinará o procedemento de avaliación, que deberá figurar na solicitude de autorización e realizarase de acordo cos criterios de avaliación da guía docente. A xustificación das solicitudes basearase nas características e peculiaridades propias dos planes de estudo, ou polo elevado número de estudantes matriculados nos Graos.

Disposición final

1. Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan á presente normativa.

2. En particular, deberán adaptarse ao previsto na presente normativa os regulamentos dos TFG nos títulos de Grao, correspondentes aos distintos centros elaborados conforme ás “Directrices para a elaboración dos Regulamentos relativos ao Traballo de Fin de Grao nos Graos da UDC”, aprobadas polo Consello de Goberno do 22 de xullo de 2011, e, no seu caso, aqueles regulamentos ou normas dos TFM, aprobadas polas Xuntas de centro, no uso das súas competencias.

3. Facúltase á persoa titular da Vicerreitoría con competencias en xestión académica e títulos para interpretar e desenvolver esta normativa.